





RÍO LOR

entre a Ponte Grande e Folgoso


Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2018




Distancia: 7 km lineal
Dificultade: media



Unha camiñada polo val do Lor que corre encaixado entre a serra do Courel e os montes de Lúzara. Un pequeno tramo da etapa 3-4 da ruta do río Lor, que segue o río desde o nacemento ata desembocadura, e da que seguimos a sinalización. Unha ruta de interese xeolóxico, botánico e etnográfico, que cambia moito segundo a época do ano pola grande diversidade de hábitats e especies e as variacións do caudal do río e os pequenos afluentes. Está incluída no LIC/ZEC Os Ancares-O Courel”.



Pozo das Mulas. Á dereita podemos ver unha amieira de gran tamaño



Pozo do Porto

PERCORRIDO

Para facer a camiñada seguimos o curso do río comezando na **ponte Grande**, onde a estrada cruza o Lor. Deixando a corrente á dereita baixamos ao pé da ponte, cruzamos a pontella sobre o **rego da Veiga** que baixa de Ferreirós e polo bosque de ribeira, preto da auga, logo chegamos ao **Pozo das Mulas**, un espazo onde o río se retén entre dúas grandes pedras a partir de aquí comezamos a apartarnos da auga e a gañar altura (hai un par de puntos difíciles e un sinal que advirte do risco de caída), para descubrir desde arriba, e achegarnos a el máis adiante, o **pozo do Pontón** e un pouco máis alá a **ponte das Arandainas**, un pontón tradicional de madeira dos moitos que aínda hai no Courel. A partir deste punto seguimos por un vello camiño polo bosque de ribeira, perdemos o contacto co río que vai quedando cada pouco máis abaixo, o estreito val non permite camiñar preto da auga, aínda que cruzaremos algúns regatos que baixan do monte, un deles forma un pincheira de varios metros pero de pouco caudal, ata que, case na metade do traxecto, deixamos un intre o camiño para achegarnos á **ponte do Porto**, unha ponte de madeira actual construída no lugar que ocupaba outra tradicional, e volvemos, para un anaco despois saírmos do bosque e camiñar por terreo aberto que nos permite contemplar a altura e as formas dos montes que conforman as abas do val e as voltas que lle fan dar ao río. Na volta do primeiro teso pasamos ao pé dunha vella **albariza** e temos de fronte, por enriba da estrada, a pincheira do **rego da Albardaira**, unha fermosa caída libre, de máis de 20 m en vertical, que só ten auga en época de choivas; e seguindo o indicadores da ruta, un pouco antes de chegar á **ponte de Traspando**, desvíamonos á esquerda para subir á **área de lecer de Traspando**, ao pé da localidade de Folgoso, onde rematamos. Se non queremos facer o traxecto de ida e volta podemos coller un taxi en Folgoso e aproveitar para visitar o centro de información turística.



Albariza ou cortíns para protexer as colmeas (serra de Lúzara)



Ponte das Arandainas

Vista do canón do Lor entre as serras de Lúzara e do Courel. Desde o miradoiro da **área de lecer de Traspando** podemos contemplar as pegadas das forzas xeolóxicas que comprimiron e repregaron os materiais en tempos pasados.

